

PERSONAXES

CELESTINA, arteira madama nun lugar de pecado e perdición.

CALISTO, O COLOMBIANO, correo de Medellín e enfermizo namorado.

SEMPRONIO, contacto nas Rías, aproveitado e argalleiro.

PÁRMENO, outro contacto que parecía fiel, pero non o é.

MELIBEA, florista de oficio e namorada de Calisto de beneficio.

ELICIA, unha das pupilas de Celestina que emparella con Sempronio, entre outros.

AREÚSA, outra pupila de Celestina, práctica e decidida que emparella con Pármeno.

ESCENA PRIMEIRA.- DE COMO CALISTO, O COLOMBIANO, NAMOROUSE DE MELIBEA, A FLORISTA, CON QUEN SE ATOPOU CANDO PERSEGUÍA A MONCHO FALCÓN.

CALISTO, SEMPRONIO, PÁRMENO.

Na habitación dun hotel portuario tres homes xogan ás cartas por facer o tempo. Dúas maletas pechadas presaxian unha pronta viaxe. Pode ser que só vexamos a sombra que os xogadores proxectan sobre o fondo e a presenza chea de inqueda das maletas e un teléfono de sobremesa. Ás veces, e contra o remate da escena, algún personaxe pasa das sombras ó escenario no que realiza accións sen aparente importancia. Cando alguén marcha, e para saír, ten que pasar polo escenario. Soa trémula unha música de jazz. Luz de bulevar nocturno que penetra polas supostas fiestras.

CALISTO.- ¿Cal é o “triunfo”?

PÁRMENO.- Estamos rematando a man e aínda non caíches na conta. Imos de “espadas”.
¿Acorda Colombiano!

SEMPRONIO.- Está desconcentrado, enlevado.

CALISTO.- ¿Que hora é?

SEMPRONIO.- Aínda tes varias horas antes de que che saia o avión.

PÁRMENO.- ¡Ben, pois “arrastro” e as “dez de últimas” sonche para min! ¡Ah!, afortunado no xogo, desgraciado en amores. *(Recolle as cartas e comeza a repartir)* ¡Vai “a de volta”.

SEMPRONIO.- Catorce horas de voo e vólveste atopar no teu país, en Colombia. ¡Xa me gustaría ir!

PÁRMENO.- *(Cantando ledos pola man que leva)* ¡Colombiana, colombianiña, ti es a colombianiña do meu amor...!

CALISTO.- A min non, non quixera ter que volver a Medellín.

PÁRMENO.- “¡Cento trinta en copas!”

CALISTO.- “¡Paso!”

SEMPRONIO.- “¡Paso!”

PÁRMENO.- ¡Corenta en copas! Eu tamén quedaría cos cen quilos que levas nesas maletas, pero... ¡xógaste a pelexa! Falando de xogar, veña, vai xa: ¿“montas” ou “fallas”?

CALISTO.- “¡Monto!”

SEMPRONIO.- ¡Fallo, e unha baza moi riquiña para casiña! (*Recolle as cartas*).

PÁRMENO.- A ver que sae por aquí con esta “señorita”. (*Bota unha carta*).

SEMPRONIO.- Vas perder o “pratiño”, Pármeno.

PÁRMENO.- Outros perderon a cor, como o que vai “de postre”. ¿Que, meu amigo, Calisto o Colombiano, sei que se che reviraron as cousas nas Rías Galegas? Estes pensan que aquí todo é pan comido, pois non lle deas máis voltas e ó feito; peito.

SEMPRONIO.- Se non lle puidiches apertar as caravillas ó Moncho Falcón, outra vez será. O Falcón sempre foi lento no sacrosanto deber de render contas. ¿Que debe?, dúas descargas... dez toneladas... pouca perica é esa. Nunha próxima viaxe pillalo. ¡Hostia, non vou gañar outra baza en toda a noite!

CALISTO.- ¿Imos de “copas”, non?, pois “asisto”.

PÁRMENO.- ¡Pois vintecinco puntinhos máis para este cabaleiriño tan engraciadiño! (*Recolle as cartas*).

SEMPRONIO.- O importante lévalo, ¿non? Os cen quilos en billetes usados van ben contadiños a cincuenta en cada maleta. O de Falcón é auga pasada.

PÁRMENO.- Xa llo podes dicir ós amigos do cártel de Medellín, todo gracias ós excelentes contactos das Rías: Pármeno e Sempronio, dous tipos de luxo, dúas xoias: a eficacia e o talento.

CALISTO.- ¿Que hora é?

SEMPRONIO.- Tranquilo, Colombiano, aínda faltan cinco horas para o voo. Rematamos a partida, tomámonos dúas copas e deixámosche no aeroporto co teu cargamento de billetes para os de Medellín. Unha boa mercadoría, un bo negocio pechado, e en catorce horas estás nos brazos da túa “negrita”. Todo resultou “bonito” menos o de Falcón. Noutra agárralo.

PÁRMENO.- ¡Arrastro e cas dez de últimas o “pratiño” todo, todinho, para min! A pagar meus camaradas; débedas de xogo, débedas de honor. (*Recada*). Marcho, volverei ás dúas, ata entón sede bos e a coidar con esmero a mercancía, no se vaia... volatilizar... ¡Ata logo! (*Sae de escena*).

SEMPRONIO.- ¡Ata logo!

CALISTO.- Seguía a Falcón, xa case o tiña entre as poutas cando nun descoido agochouse nunha galería comercial. Corríu tras el, pero despistóume. Entrei nun comercio, nunha floristería, e alí estaba.

SEMPRONIO.- ¿Falcón?

CALISTO.- Non, ela. Nunca vira a ninguén coma ela. De súpeto descubrín a grandeza da Natureza que foi capaz de crear unha fermosura tan perfecta como aquela. Quedei paralizado, trabado, incapaz de facer nada. Tratando de que aquel instante se descolgara do tempo e permanecera inmóbil no cronómetro, suspendido, eterno.

SEMPRONIO.- ¿E entraches tras Falcón coa pipa na man?

CALISTO.- Entrei, pero non ía montar un escándalo no medio dos xeranos, os caraveis, as margaridas, os clientes, as amas de casa..., ademais, Falcón esfumouse...

SEMPRONIO.- É moi fuxidío.

CALISTO.- E atopeime ante ela, ante os seus fermosos ollos que botaban lume, desdeñosos, insolentes... cabreados.

SEMPRONIO.- ¿Cabreados?

CALISTO.- O entrar correndo derramei varias macetas que escacharon no chan, e seica esmaguei varias plantas moi valiosas.

SEMPRONIO.- ¡Hostia, tío!

CALISTO.- ¡Aqueles ollos...!, aquela mirada enrabeada, aquela enerxía limpa e transparente... Botóume con caixas destemperadas da floristería, e iso que estaba co fierro na man ¡Nunca na miña terra berroume unha muller! Non o permitiría. ¡E mira ti! Déixome pisotear por unha galega que me pon de patas na rúa e sen pillar a Falcón. “Flores Melíbea”. Nunca esqueceré o nome da tenda nin a fermosa furia galega.

SEMPRONIO.- Pero, falaches con ela.

CALISTO.- Si... algo.

SEMPRONIO.- ¿Que?

CALISTO.- Díxenlle que se Deus me dera unha cadeira para sentarme ó seu carón non podería sentir máis felicidade.

SEMPRONIO.- ¡Hostia, tío!

CALISTO.- Pero respondeume que cunha cadeira ía darme ela pero na cabeza se non liscaba de alí.

SEMPRONIO.- ¡Normal!

CALISTO.- ¡Como son de macho as mulleres das Rías! E dende entón non a podo sacar do meu maxín. Meteuse nel coma serpe no niño e non a dou esquecido. Aqueles fermosos ollos anoxados non se me descravan do pensamento, e só teño corpo para pensar nela, para deixarme levar polo seu recordo.

SEMPRONIO.- Estasme asustando. Toleaches. Tiña que marchar pero quedo contigo, non quero deixarte só.

CALISTO.- Árdeme a cabeza, quéimame o peito coa bronca que me da a idea de non poder quedar acá. ¡Teño que volvela ver! ¡Teño que vela, se non consumireime como un cirio na bocalume dun volcán!

SEMPRONIO.- ¡Para o carro! ¡O lume dun volcán!

CALISTO.- *(Cabreado)* Si, o lume dun volcán acá dentro, ¿Que digo o lume dun volcán?, pouca cousa é esa labarada comparada coa que me consume o peito, que máis abrasa a chama que arde no meu interior que a que fai ferver as rochas. Como da aparencia á existencia, como do vivo ó pintado, como da sombra ó real, tanta diferenza hai do fragor do volcán ó que consume o meu corazón.

SEMPRONIO.- ¡A outro can con ese óso! Dentro dunhas horas tes que coller un avión e entregar a recadación nas mans doadas, non convén que te lies a cabeza, Colombiano.

CALISTO.- ¿Colombiano?

SEMPRONIO.- ¡Ti estás tolo de remate!, ¿non es Calisto o Colombiano, logo?

CALISTO.- Eu son Melibea, a Melibea adoro, en Melibea creo e a Melibea amo. O meu país é Melibea.

SEMPRONIO.- Grande ten que ser esa Melibea, que che sae pola boca a burbullóns. Eu sei o que ti precisas, vese ben de que pé coxeas. Eu sanarei a túa doenza.

CALISTO.- Iso non é posible.

SEMPRONIO.- O máis importante para sanar e coñecer a enfermidade.

CALISTO.- ¿Que calmante, que medicina haberá para este, o meu mal?

SEMPRONIO.- Nin que foses o único encaprichado por unha muller. Enconado, iso é o que ti estás, así chámase a túa enfermidade: enconamento. No lugar do pensamento

tes un buraco negro como unha grande cona escura e profunda que non che deixa razoar.

CALISTO.- ¿Acaso nunca te sentiches atrapado así por unha muller? ¿Que me dis de Elicia?

SEMPRONIO.- Fai o que digo e non digas o que fago. Non merece tanto unha muller.

CALISTO.- ¿Muller? ¡É o meu Deus, o Deus a quen eu adoro!

SEMPRONIO.- ¿Estás de coña?

CALISTO.- ¿Burlarme? Polo meu Deus téñoa, como meu Deus conféseoa, non hai outro soberano no ceo.

SEMPRONIO.- ¡He! ¡He! Estache bo o conto, en Sodoma querían dar polo cu a uns anxos, pero ti pretendes fornicar con Deus.

CALISTO.- ¡Fornicar! ¡Devorar! ¡Comulgar! Eu quero posuír ó meu Deus e sentilo dentro de min, e que el, que ela me sinta a min dentro... pero, ¿será posible?

SEMPRONIO.- ¡Esquece esa muller! ¡Non paga a pena cismar por ningunha muller! As mulleres son mentireiras, traxineiras, sempre mudando de parecer, son livianas, choromiqueiras, as súas alteracións, as súas afoutezas, que todo o fan sen cavar, os seus disimulos, a súa lingua, o seu engano, o seu esquecemento, o seu desamor, a súa ingratitude, a súa inconstancia, as súas murmuracións, o seu negar, o seu revolver, a súa presunción, a súa fachenda, a súa loucura, o seu desdén, a súa soberbia, a súa leria, a súa lambonería, a súa luxuria, o seu atrevemento, as súas feitiçerías, os seus escarnios, a súa desvergonza, a súa alcaioeiría. ¡Consideras que hai algo interesante baixo os seus longos cabelos!: “Armas do diaño, cabezas do pecado, destrucción do paraíso”. As mulleres dan e quitan, outorgan e negan, pasan do amor ó odio e do odio ó amor. Queren que adiviñes o que queren e que preveñas o que desdén. Agora se ensañan, agora se amansan. ¡Son unha praga, unha doenza, un andacio! ¡Só se debe estar con elas o xusto tempo para emparellarse no pracer!

CALISTO.- Canto máis falas, máis me interesa posuíla, ti insulta que eu adoro. Non sei que me pasa.

SEMPRONIO.- ¡Pero se podes ter mulleres a esgallo. Es alto, guapo, con cartos e sudaca, ¿Que máis queres?

CALISTO.- Eu só quero a Melibea.

SEMPRONIO.- ¡Hai mil coma ela, de certo!

CALISTO.- Non. Ninguén coma ela, e falo só do visto, que se puidera ver o oculto, entón, inútil sería esta disputa: Os seus cabelos, seda; os seus ollos, améndoas; as súas

pestanas, caricias; as súas cellas, reclamo; o seu nariz, salouco; a súa boca, milagre; os seus dentes, sorrisos; os seus beizos, granada; o seu rostro, paraíso; o seu peito, regazo; as súas tetas, novicia; a súa pel, avelao, as súas mans, pombiñas; os seus dedos, regachos; as súas unllas, pérolas. ¿E o non visto? O non visto, todo o mar atlántico.

SEMPRONIO.- ¡Está ben! ¡Vale! Pois todo iso está pensado, feito, e orientado para o deleite do varón. Porque, como di o dito: “Así como a materia precisa a forma, a muller desexa ó varón”.

CALISTO.- ¿E cando me pasará iso con Melibea?

SEMPRONIO.- Cando a cabalgues, que non hai nada como trotar para variar a opinión. Cando sexa túa, verala con outros ollos.

CALISTO.- ¿Con que ollos?

SEMPRONIO.- Con ollos clarexados.

CALISTO.- Pois agora, ¿con que ollos ando?

SEMPRONIO.- Con lentes de aumento, o pouco peréceche moito e o pequeno grande. Pero acouga un pouco, que deste asunto encárgome eu e antes de que collas o avión imos facer que se apague ese lume que che prendeu na entreperna, con Melibea ou con quen sexa.

CALISTO.- Dificil o vexo.

SEMPRONIO.- ¡Será por mulleres! Vou falar con Celestina, a ver se ten novo xénero. Celestina sempre ten o mellor gando das Rías, e nada de colombianas, nativas de calidade, como moito algunha portuguesa para dar o toque canalla. ¡Un señorío, vamos, todo un bispado á nosa disposición!

CALISTO.- Só quero a Melibea, se ma consigues, se consigues que a poida ter nos meus brazos antes de que despegue o avión, dareiche o que me pidas, Sempronio. Todo o que me pidas.

SEMPRONIO.- (*Ollando para as maletas dos cen quilos*) Todo se andará... todo se andará. Chamarei a Celestina, ela sabe con que bois ara; pasan de cinco mil os virgos que se teñen desfeito e feito pola súa autoridade. Ela saberá mudar as rochas en pozos de luxuria.

CALISTO.- Pois non tardes, ponte en contacto nun chiscar de ollos con ela, e se é preciso vas procurala.

SEMPRONIO.- Ás túas ordes. (*Descolga o auricular do teléfono e faise de súpeto o escuro. Soa a música*).

ESCENA SEGUNDA.- DE COMO SEMPRONIO E CELESTINA XUNTÁRONSE PARA SACAR BENEFICIOS DOS TOLOS AMORES DE CALISTO POR MELIBEA.

CELESTINA, ELICIA, SEMPRONIO,
CALISTO, AREÚSA.

No escuro soa o teléfono, faise a luz e estamos no local de Celestina, esta entra e descolga o auricular. Sobre o fondo proxéctase a sombra de Elicia que se magrea cun calquera o son do bandoneón.

CELESTINA.- *(Polo auricular)* ¿Si? ¡Claro, claro que si, faltaría máis...! ¡Cando ti queiras! *(Colga)* ¡Elicia! ¡Elicia, axiña!

ELICIA.- *(Desde fóra)* ¿Que pasa?

CELESTINA.- Acaba de chamar Sempronio, que está aquí nun chiscar de ollos.

ELICIA.- *(Saíndo a escena media espida)* ¿E que fago con ese? *(Sinala o calquera que vemos pola proxección da súa sombra).*

CELESTINA.- ¡Eu que sei!, méteo debaixo da cama. ¡Veña, axiña, dille que ven o teu curmán e que non queres que te vexa con el.

ELICIA.- ¡Vou, vou! *(Sae de escena).*

SEMPRONIO.- *(Entrando)* ¡A miña máis querida naiciña! ¡Que ganas tiña de vervos! ¡Por fin estou aquí!

CELESTINA.- ¡Fillo! ¡Meu rei! ¡Atónita estou ca sorpresa! Tanto, que case quedei sen fala. Veña, dáme outro abrazo *(Celestina pretende retelo para que non entre, na sombra vemos as dificultades de Elicia por agachar ó seu amante).* ¿Como puidiches estar tanto tempo sen vir por aquí? ¡Elicia, Elicia!, ¿a que non sabes quen acaba de chegar?

ELICIA.- *(Desde fóra)* ¿Quen?

CELESTINA.- Sempronio. Aquí está. Vouno comer eu, que non ti *(bícao groseiramente).*

ELICIA.- *(Saíndo a escena)* ¡Maldito sexas, traidor! ¡Mala chispa te coma, e nunha rúa perdida te levanten a tapa dos sisos, miserable!

SEMPRONIO.- ¡A que vén este recibimento!

ELICIA.- ¡Levas tres días sen virme ver! ¡A parva fun eu por namorarme de ti!

SEMPRONIO.- ¡Non chores, morena, que ti sempre vés comigo, cravada no meu corazón.
¿Que foi ese ruído?

ELICIA.- ¿Quen? O meu amante, o meu novo chulo.

SEMPRONIO.- Non me estrañaría... *(saca a pistola)*.

ELICIA.- Pois claro que si, vai alá e verás. *(Vemos os desesperados esforzos da sombra por agacharse)*.

SEMPRONIO.- ¡Pois claro que vou!

CELESTINA.- ¿A onde vas ti? Non lle fagas caso, son os ciúmes que a fan atolar. ¡Mil inventos! Ven, imos falar.

SEMPRONIO.- Pero, ¿quen está aí?

CELESTINA.- ¿Quérelo saber?

SEMPRONIO.- Si.

CELESTINA.- Unha adolescente que me foi solicitada por... unha personalidade.

SEMPRONIO.- ¿Que... personalidade?

CELESTINA.- Non mo preguntes. Non me comprometas.

SEMPRONIO.- ¡Hostia! ¿Que personalidade?

CELESTINA.- Pois o... *(fálalle ó oído)*... de Información e Turismo.

SEMPRONIO.- ¡Quéroa ver! *(A sombra trata de disfrazarse cunha roupa de Elicia)*
¡Ensinádema!

ELICIA.- ¡Maldito sexas! ¿Queres vela? ¡Así che arrinquen os ollos! ¡Non te basta comigo que agora queres outra! Anda, vai con ela e esquécete de min. ¡Para sempre! *(A desesperación da sombra é evidente)*

SEMPRONIO.- Está ben, non chores. A min chégame contigo. Anda, cala, cala. Eu veño falar con Celestina, despois reunímonos ti e mais eu, ¿vale?.

ELICIA.- Está ben, está ben. *(Sae de escena)*.

SEMPRONIO.- Aténdeme, Celestina. Quero que deixes todo o que teñas entre mans e me escoites ben. Sabes que sempre me lembro de ti nos bos negocios.

CELESTINA.- Non mexes fóra do testo, que entre nós non fai falta preámbulos nin protocolos. Abrevia e resume que poucas palabras, ben escollidas, moito din.

SEMPRONIO.- O Colombiano encaprichouse dunha florista. Árdelle a entreperna por unha tal Melibea. Está como tolo, enconado ata as cellas e anda doente. Disto podémonos aproveitar os dous, pois dá a casualidade que ten no seu poder cen quilos dunha recadación dos de Medellín, en billetes usados de curso legal e máis negros que a alma dun servidor. Unha oportunidade coma esta non se presenta dúas veces nunha vida. Podémoslle estafar arrincándolle un bo cacho dese estraperlo.

CELESTINA.- Déixao da miña man, que como o matasáns se pon ledos cos escalabrados, así eu celebro esta oportunidade de negocio. Este galiño colombiano vai ser sabiamente desplumado. Nada hai máis cego e parvo que home namorado.

SEMPRONIO.- Quedou en vir falar contigo, non tardará. O seu voo sae dentro dunhas horas e el quere cumprir antes o seu capricho.

CALISTO.- *(Entrando en escena)* ¡Boas noites!

CELESTINA.- ¡Benvido sexas á nosa casa! Agora mesmo veñen as rapazas: ¡Elicia, Areúsa!, baixade que hai clientela.

CALISTO.- Eu só quero falar contigo.

ELICIA.- *(Entrando en escena)*. Unha noite movidiña.

AREÚSA.- *(Entrando)*. Pois eu aínda non me estreei.

CELESTINA.- Colombiano, poño a túa disposición o melloriño da casa. Xénero de primeira.

CALISTO.- Eu o que quero que poñas a miña disposición é a alguén que non está na túa casa, e axiña, o tempo remata para min.

CELESTINA.- Non te compliques a vida, Colombiano, mira esta *(móstralle a Areúsa)* da mellor colleita do sesenta.

SEMPRONIO.- Si, si. No sesenta xa andaba a dúas patas.

AREÚSA.- Ninguén che deu a ti vela neste enterro.

ELICIA.- ¡Ti cala, trosma!.

SEMPRONIO.- ¡A miña flor de invernadoiro!

CALISTO.- Non perdámolo tempo. Celestina, pide o que queiras pero arránxame o asunto.

- CELESTINA.- Escolle, Colombiano, escolle con liberdade, de dentro ou de fóra da miña casa, eu, Celestina, son capaz de poñer a disposición dos meus mellores clientes o rubí máis prezado, a xoia máis egrexia mesmo que haxa que arrincala da coroa dun rei, que por algo deprendín o meu oficio poñéndome ó servizo dos xeques árabes alá, na Marbella.
- CALISTO.- E eu dareiche o que me pidas, sen dubidalo un instante, nobreza obriga.
- CELESTINA.- Pois celebremos este pacto. ¿Quen queres na túa cama?
- CALISTO.- A Melibea, a flor máis sublime de toda a floristería.
- CELESTINA.- Elicia, sube ó meu cuarto e na cómoda, no terceiro caixón hai unha botella de reserva, cóllea e tráela. Imos celebrar este negocio. ¡Ah!, e ó pasar pola despensa colles unha botelliña de aceite de víbora e bótala no viño, que hai que facer tamén pacto con Satanás.
- SEMPRONIO.- ¡Iso!, e tamén traes un pelexo de gato negro, ¿ou non o hai na despensa desta casa?
- CALISTO.- Menos bromas.
- CELESTINA.- E tamén lle botas o sangue dun morcego sen unllas que está no caixón das sabas.
- SEMPRONIO.- ¡Non ha faltar de nada!
- CELESTINA.- Déixate de brincadeiras, o asunto ten que saír ben, abride os ollos e calade coma un peto. Isto queda en segredo. ¡Areúsa, reparte copas!
- ELICIA.- *(Desde dentro)*. Non atopo o pedido. Nunca recordas o sitio onde gardas as cousas. Agóchalas tan agochadas que as perdes.
- CELESTINA.- Busca ben, que quen busca atopa. Aínda non estou tan vella como para perder o siso. Meu querido Calisto, non te impacientes que a impaciencia é mala conselleira. Xa sei que para ti toda tardanza é un tormento e que antes queredes ver os teus desexos concluídos que empezados. Pero tranquilo, que poucas virxes, a Deus gracias, verás ti nesta cidade que non teñan pasado polo meu trato. Todos me coñecen, e aquel que non sabe quen son, é que acaba de chegar a esta cidade.
- CALISTO.- Pídeme o que queiras.
- CELESTINA.- *(Aproxímase e dille algo ó oído a Calisto)* ... e ese pano que levas ó pescozo.
- CALISTO.- Sexa. *(Dálle o pano)*.
- ELICIA.- *(Entrando)* ¡Aquí está a beberaxe!

SEMPRONIO.- ¡Pois a brindar por este negocio!

AREÚSA.- ¡Iso, brindemos todos, brindemos!

CELESTINA.- (*Alzando a súa copa*). Conxúrote, demo dos infernos, señor das profundidades, emperador do mal, capitán dos anxos negros, soberbio señor da escuridade, devorador das ánimas impías. Eu, Celestina, a túa máis coñecida clienta, conxúrote pola virtude e a forza destas gotas vermellas, polo sangue do morcego co que están mesturadas, polo aceite de víbora co que están untadas. Vén sen tardanza a obedecer a miña vontade, e polo licor sagrado da copa fai que Melibea sinta un repentino e cru amor por Calisto. Tanto que, sen podelo remediar se deixe seducir, caendo nos seus brazos e na súa cama esta mesma noite. Que o amor de Melibea por Calisto sexa de tal natureza que non poida aturar o baleiro que sinta no seu ventre cada vez que Calisto saia dela. Que rabie por ter constantemente a Calisto cabalgando sobre si, como unha adoecida, como unha furia, como unha cadela en celo, como unha gata á xaneira. Sexa. (*Celestina bebe e derrama sobre o pano que lle deu Calisto as últimas gotas da súa copa*).

SEMPRONIO.- (*Ríndose*) ¡Hi!... ¡Hi!... ¡Hi! ¡Ten coña! (*Escuro*).

CALISTO.- (*No escuro*). ¡Deixádevos de (macanas) lérias!

ESCENA TERCEIRA.- DE COMO PÁRMENO TENTA CONVENCER A CALISTO DE QUE DESISTA DOS SEUS ENTOLECIDOS PROXECTOS E SOBRE TODO QUE DESCONFÍE DAS INTENCIÓNS DE CELESTINA E SEMPRONIO. CALISTO, SEN EMBARGO, NON LLE FAI CASO E PAGA A CELESTINA O QUE PIDE.

CALISTO, PÁRMENO, SEMPRONIO.

Na habitación do hotel, Calisto pasea inqueda en mangas de camisa. Ten ante si unha das maletas.

PÁRMENO.- *(Entrando)* ¡Aquí estou! ¿Que me queres?

CALISTO.- Quero que collas esta maleta e lla leves a Celestina.

PÁRMENO.- ¿Toleaches?

CALISTO.- ¡Non me deas na cabeza!

PÁRMENO.- ¿Sabes o que estas a facer e as consecuencias disto?

CALISTO.- Asumo toda a responsabilidade.

PÁRMENO.- Estanche estafando.

CALISTO.- Non, preciso resolver esta angustia que me queima o peito.

PÁRMENO.- ¡Esa filla de puta de Celestina!

CALISTO.- ¿Que dis?

PÁRMENO.- ¡Esa filla de puta de Celestina! ¡E fachendosa está de ser o que é!, que se asomas ó balcón e berras: ¡Filla de puta!, seguro que ela soa volve a cabeza. ¡Filla de puta!, chámana os cans ó ouvear, ¡filla de puta!, din os paxaros ó piar, ¡filla de puta!, din tódolos animais cando pola súa beira pasa. Os burros orneando, as ras nos charcos non din outra cousa. Se pasa onde os ferreiros: ¡filla de puta!, din os martelos e as mazas ó repenicar. Tódalas ferramentas dos carpinteiros, dos caldeireiros, dos tecedores, dos zapateiros da cidade forman no ar un estrondo chamándoa: ¡Filla de puta! ¿Queres máis?, pois escoita ás pedras e verás como din: ¡Filla de puta!, ¡filla de puta!

CALISTO.- ¡Ben a coñeces!

PÁRMENO.- Traballei un tempo para ela.

CALISTO.- ¡Ah, si!, ¿e que facías?

PÁRMENO.- Facíalle algún recado. A moi cabrona aínda non medrara tanto como agora e vivía noutra casa, fóra de portas. Alí adicábase ó seu negocio de facer e desfacer virgos, ó trapicheo de corpos e almas e a traxinar algún que outro xénero de baixa calidade. Ten negocios con todos, entra e sae de tódalas casas, sempre pola porta de atrás. Non hai negocio suxo na cidade que non teña a súa sinatura, tódolos grandes asuntos se pechan no seu local: asuntos de saias, de cartos ou de política. Todo ten que ser por ela bendecido e por ela supervisado.

CALISTO.- Coido que entón acertei. As miñas necesidades son grandes, Melibea é difícil e non teño moito tempo. Celestina é sabia e experta, non podemos fallar. ¡Dálle a maleta!

PÁRMENO.- Isto pagarémolo moi caro. ¿Que levarás a Medellín?

CALISTO.- Direilles calquera cousa: que non puiden recadar todo, xa se verá.

PÁRMENO.- Fixéchela boa, caíches nas poutas de Celestina e rematarás sendo o seu escravo.

CALISTO.- ¿Toleaches?, eu non son escravo de ninguén.

PÁRMENO.- Sempronio e Celestina téñente agarrado e vante espremer coma un limón. Sei do que falo. Iso sen contar co que decidan facer os de Medellín cando saiban que lles acabaches cos seus cartos.

CALISTO.- Alá non teñen por qué saber nada disto, a non ser que alguén se vaia de boca.

PÁRMENO.- As desgracias nunca veñen soas e unha tolería como esta vai ser a porta para que a destrucción entre na túa vida.

CALISTO.- ¡Non sei por qué!

PÁRMENO.- Todo parece preparado: Falcón fuxindo de ti entra na galería comercial e iso foi a causa de que ti entraras na floristería de Melibea, esta entrada foi causa de que a viras e lle falaras, as palabras enxendraron o amor e este provocou o teu desexo irrepresible e o desexo acabará cos cartos e estes farán que ti perdas a vida. E o peor de todo é que estamos en mans desa filla de puta que capaz é de deixarnos en coiros. Tres veces a piques estiveron de darlle o pasaporte polas súas artimañas.

CALISTO.- Canto máis a pos pingando mellor me cae. Non preciso unha abadesa, senón alguén que sexa quen de conseguirme o que procuro, despois, se queres, córtaslle o gañote. Falas por falar, ben se ve que non che doe onda min.

PÁRMENO.- Falo para que despois non digas que non fuches avisado. Estás poñendo na picota a túa vida e a túa liberdade.

- CALISTO.- ¿Que saberás ti da miña vida e da miña liberdade? ¡Déixate de lérias, que se sentiras o que eu, verías as cousas doutro xeito! Mira Sempronio como pon todo canto ten para que chegue a bo fin o que ti pretendes desbaratar coa túa lingua e os teus malos avisos. Non estou para andrómenas, Pármeno, non quero consellos nin palabras inoportunas. ¡Vai levar a maleta cos cartos a Celestina e déixame só, que máis vale só que mal acompañado!
- PÁRMENO.- Somos amigos e pouca é a fidelidade de quen non se atreve a dicir a verdade. Hai sempre máis intereses revirados nas gabanzas que nas críticas. ¡Cabila, oh! ¡Recupera o siso! Pasará ese fogaxe e lembrarás os meus consellos aínda que agora gustes menos deles que das razóns hipócritas de Sempronio. Desconfía dos que ceban en ti, avivan o teu amor, atizan o lume do teu peito e engaden carbón o teu inferno para acabar contigo e deixarte sen nada.
- CALISTO.- ¡Xa está ben, morra o conto! ¡Vai facer o que che mandei e deixa de filosofar a miña conta! Colles a maleta e lévala onde Celestina e lla entregas da miña parte, e a esa que tanto queres e a que tanto adoras lle dis que faga todo o que estea da súa man por min. ¡O.K.! ¡Lisca de contado!
- PÁRMENO.- ¡Está ben, está ben! Estamos apañados, chaman amigos ós traidores e desprézase ós amigos fieis. Outros gañarán por malvados o que eu perderei por ser legal. ¿Onde tes a cabeza? Se eu che falase ben de Celestina, cos seus escuros e turbios negocios non te enfadarías comigo. Está ben, está todo claro, xa escarmentei. Se ti dis “comamos”, eu comerei, se queres desbaratalo todo, eu axudareite, se queres queimar os cartos, eu traereiche o lume. Destrúe, escacha, escarállao todo. ¡Afúndete nas mans desa cabrona! Por min que chova, que a río revolto, ganancia de pescadores. ¡Nunca máis can ó muíño! *(Sae de escena)*.
- CALISTO.- *(Só)*. Estou nun calexón sen saída. Por unha banda a morte me rolda, pola outra o desexo non me deixa vivir. ¡Entre Medellín e Melibea debullo o meu desacougada existencia!
- SEMPRONIO.- *(Entrando)*. Estase acabando o tempo, pronto sairá o voo a Colombia.
- CALISTO.- ¿É tarde xa? ¿Que hora é? ¿Hora de marchar, hora de quedar para sempre? ¿Pasou xa o día?
- SEMPRONIO.- O día e boa parte da noite.
- CALISTO.- Si, está todo escuro, todo enmourece no meu redor.
- SEMPRONIO.- Esquece un pouco a esa florista e verás as cousas con máis claridade. Estás deslumbrado e o fulgor non che deixa ver a luz.
- CALISTO.- Estou disposto a todo, xa nada me importa, só quero ter a esa muller. A miña impaciencia medra cada segundo.

SEMPRONIO.- Tampouco te poñas así, que Zamora non se conquistou nunha hora, e non é intelixente desexar con impaciencia o que pode saír mal.

CALISTO.- ¿Pensas que son como aquel galego, que andaba todo o ano descalzo e por un día case mata o zapateiro?

SEMPRONIO.- Non diría que non.

CALISTO.- Déixame de (macanas) lérias.

SEMPRONIO.- Non che é ouro todo o que reloce, e as presas sempre son malas compañeiras. ¿Queres que vaia a floristería, colla a Melibea a meta pola forza nun coche e a teñas aquí atada á cadeira nun chiscar de ollos? Acouga un pouco que unha aceptación non forzada non se consegue nun chis. Todo ten o seu protocolo.

CALISTO.- Está ben, pero non estou para chanzas, ando adoecido e o tempo váiseme das mans.

SEMPRONIO.- Asenta a cabeza e acouga o teu corazón.

CALISTO.- ¡Está ben, está ben! Deixádeme de aconsellar que parecedes frades no púlpito. Non quero saber nada, que canto máis falades máis me consume o desexo. Parece unha doenza, ou mellor, unha maldición. Estou maldicado, maldicado de Melibea. Melibea é o meu andacio e o meu inferno; é o meu purgatorio e a miña condenación, o meu mal e a miña perdición.

SEMPRONIO.- ¡Non será para tanto! (*Escuro*).

ESCENA CUARTA.- DE COMO CELESTINA CONSEGUE, GRACIAS ÁS SÚAS ARTES DE PERSAUSIÓN E A OUTRAS ARTES PROPIEDAD DE AREÚSA, POÑER A PÁRMENO DA SÚA PARTE E DA DE SEMPRONIO, PARTICIPANDO CON ELES NO SUBSTANCIOSO NEGOCIO DE DESPLUMAR A CALISTO.

PÁRMENO, CELESTINA, AREÚSA.

*No local de Celestina. Chega Pármemo a entregar a maleta.
Contra o fondo a sombra de Areúsa na cama.*

PÁRMENO.- *(Entrando)* Ten isto, da parte de Calisto.

CELESTINA.- Non me mires así, que eu quérote ben. ¿Anda, entra, ven para acá! ¿Coidas que non sei o que pasa pola túa cabeza? Desconfías de min. Eu, con estes os meus ollos vexo o que está escrito no fondo dos corazóns. Non teñas medo que non me vou vingar do que estás a facer. Non vou pagar maldade por maldade. Es un bo rapaz que está a aconsellar moi mal a Calisto. O amor é unha doenza moi común que fai que os homes busquen ás mulleres e estas a eles. Así é a vida e así é como debe ser. ¿E ti que, meu amigo? *(magrea nel)*, non tes un desexo para que che sexa cumprido. Non hai nada que se che teña aferrado á entreperna e que o queiras aplacar. ¿Non pica isto que está aquí?

PÁRMENO.- Como a cola dun alacrán.

CELESTINA.- Aínda é peor, que aquela morde sen inchar e a túa incha para morder.

PÁRMENO.- ¡A outro can con ese óso! ¡Deixame en paz!

CELESTINA.- E ti deixa a Calisto.

PÁRMENO.- Véxoo perdido, correndo tras un desexo que non pode ter bo remate. Abandonado ós pérfidos consellos e ás malas intencións de Sempronio. Non o podo aturar. Todo isto acabará mal.

CELESTINA.- As cartas están botadas, xa non hai arranxo.

PÁRMENO.- Irá mallar e virá mallado.

CELESTINA.- Non hai por qué preocuparse, o asunto está nas miñas mans.

PÁRMENO.- Si, nas mans dunha filla de puta.

CELESTINA.- ¡Serás cabrón!

PÁRMENO.- Coñézote ben.

CELESTINA.- ¡Ven para acá!, deixemos as disputas e fagamos as paces.

PÁRMENO.- ¡Déixame en paz!

CELESTINA.- ¡Así te partan en canal! ¡Escóitame ben!, ¿onde vas a estar mellor que comigo e con Sempronio? Non te fíes de Calisto, en calquera momento déixate na estacada. Ademais Calisto marcha, é da outra banda da mar, e alí as cousas vense doutra cor. Non vivas das promesas, non te contentes coas vanas palabras do Colombiano. Calisto é un baldreu que de todos se quere aproveitar sen dar nada a cambio. Xúntate con Sempronio e máis eu. Ponte do noso lado e terás unha mellor tallada.

PÁRMENO.- ¡Es a hostia! Dásme medo. Quen moito sube remata escalabrado.

CELESTINA.- Faime caso. A torto ou a dereito a nosa casa ata o teito.

PÁRMENO.- Eu non preciso moito, niso sonche moi rico, que non son máis pobres os que pouco teñen, senón os que moito queren.

CELESTINA.- A fortuna está chamando á nosa porta. ¿Queres envellecer facendo de contacto? ¿Pasaraste toda a vida de pequenas chapuzas? Un encargo aquí, unha descarga alá, de neneira con este, de apretacaravillas con aquel outro. ¡Atrévete a vivir pola túa conta! Sempronio e máis ti facedes un bo tandem. ¡Non deixes pasar a ocasión! ¿Quen é Calisto para ti? Un colombiano nabizo que chegou ás Rías e non soubo estar á altura. ¡Pois que se foda! Seguro que se ti foras alí, trataríanche igual. Mira esta maleta que trouxeches, pois hai outra esperando por nós. ¿Non queres pasar arriba e darte unha reboleira con Areúsa? Está alí, e o seu corpo pide guerra.

PÁRMENO.- Non quero ter negocios con Sempronio, poderíamos acabar mal.

CELESTINA.- ¡Veña!, pasa para dentro e logo cóntasme como o fixeches, que en contalo está a metade do pracer: “Collina por aquí, biqueina de tal xeito, ela mordeume así, deille unha volta por alí...” Faime caso, Pármene, e saca boa tallada á esta situación.

PÁRMENO.- Non quero, non quero caer nas túas trampas.

CELESTINA.- ¡Nesas estamos! Pois se ti non vas vou eu, e aquí quedas, por cretino.

Celestina deixa distraidamente un feixe de billetes da maleta sobre algo e entra en caixas. Vemos a súa sombra no ámbito de Areúsa. Pármene en escena observa, excitado, a conversa das sombras das dúas mulleres.

AREÚSA.- ¿Quen é?

CELESTINA.- ¿Quen vai ser?, quen ben te quere. Unha namorada de ti.

AREÚSA.- Xa estaba deitada.

CELESTINA.- Xa me gustaría a min poderme deitar tan cedo. ¡Boa vida te das! ¡Vese que non precisas traballar moito, como nos pasa a outras!

AREÚSA.- Voume vestir, que así, espida, teño frío.

CELESTINA.- Non, non. Déixate estar, falaremos así.

AREÚSA.- Case o prefiro porque estiven mala todo o día. Deiteime porque me sentía mal, se non aínda andaría facendo algúns cartos.

CELESTINA.- Pois déitate, déitate. Vouche tapar un pouco por aquí.

AREÚSA.- Gracias.

CELESTINA.- ¡Que ben olen estas sabas! ¡Arrecenden! Sempre me gustou que foras limpa e aseada. ¡Que pel tan delicada! ¡Déixame mirarte! ¡Déixame mirarte toda!

AREÚSA.- Non me toques que me fas cóxegas, e o riso aumenta a miña dor.

CELESTINA.- ¿Que dor? ¿Estás de brincadeira?

AREÚSA.- Xa me gustaría a min, pero a verdade é que levo todo o día cunha dor moi forte no bandullo.

CELESTINA.- A ver, déixame que palpe, a ver que che pasa.

AREÚSA.- Aí non, sobre o estómago.

CELESTINA.- ¡Que boa estás! ¡Que peitos e que tetiñas! Espida estás moitísimo mellor que vestida, parece unha rapaza de quince anos. ¿Non pretenderás desaproveitar toda esta beleza, todo este gozo, sen que ninguén o cate? Non sexas avarenta do que pouco custou. Non atesoures a túa beleza que se fai máis fermosa se é compartida.

AREÚSA.- Déixate de historias e dáme algo para que acougue esta dor.

CELESTINA.- O que mellor che pode ir, o que máis pode calmar a túa dor é unha boa reboleira cun mozo garrido.

AREÚSA.- Non está o forno para bolos, ademais non hai ninguén por aí.

CELESTINA.- Claro que si, fóra está Pármemo, esperando saber se o recibes. ¡Veña!, non te fagas a melindrosa e bótame unha man.

AREÚSA.- ¿Está aí fóra?

CELESTINA.- Como debe ser, sempre hai que ter un home na cama, outro na porta e outro na rúa suspirando. Con todos debes cumprir, a todos poñer boa cara e facerlles pensar a todos que son os únicos. Ninguén se mantén dun só grifo, cantos máis mellor, que as táboas da cama non denuncian ós amantes. Eu sempre os tiven a pares, non temos dúas orellas, dúas mans, dous ollos, dúas pernas, pois os amantes tamén deben ser a pares, é lei de Deus. ¡Vou chamar a ese baldreu!

AREÚSA.- Non, Celestina, que non estou para recibir.

CELESTINA.- (*Entrando na escena*). ¡Arriba, espadachín, e lembra todo o que che dixen!

PÁRMENO.- (*Colle de súpeto o feixe de billetes e sae da escena*). ¡Vou!

CELESTINA.- ¿A que é moi guapo e garrido?

PÁRMENO.- (*Fóra de escena, recortándose a súa sombra ante Areúsa*). ¡Que fermosura, que beleza!

CELESTINA.- A que de agora en diante farás todo o que eu che diga, xuntaraste con Sempronio e diraslle a Calisto que o negocio que temos entre mans é do melloriño.

PÁRMENO.- ¡Claro que si, sen dúbida!

CELESTINA.- ¡Pois ataca, meu capitán, non vaia ser que a pombiña levante o voo!

AREÚSA.- Con coidado que estou toda dorida.

CELESTINA.- Déixate de tiquilismiquis que mañá ti espertarás sen dor e el sen cor. (*Despois dun tempo*). Marcho, aí vós quedades. Non veñas comigo Pármeno, non preciso que ninguén me acompañe. Sería espir a un santo para vestir outro. ¡Que che aproveite!, que eu non teño medo a que ninguén me viole na rúa. (*Escuro*).

ESCENA QUINTA.- DE COMO CELESTINA CONSEGUE, SÓ CO FEITIZO DAS SÚAS PALABRAS, QUE MELIBEA PRENDA EN AMORES POR CALISTO.

CELESTINA, MELIBEA.

Na floristería, Melibea prepara ramos, entra Celestina.

CELESTINA.- Boas, ¿sabes quen son, Melibea?

MELIBEA.- Claro, ti es Celestina. Vivías antes nesta rúa.

CELESTINA.- ¡Canto fai diso! O tempo pasou pola miña cara galopando como un cabalo sen rendas. Nuns anos perdín a pouca fermosura que tiña. ¡Non hai que desaproveitar a xuventude!

MELIBEA.- Acórdome de ti, ben é verdade que máis moza e garrida.

CELESTINA.- Chega o día que non te reconece nin o teu propio espello. Por iso é unha tolería desaproveitar a mocidade, que pronto vén a vellez e axiña a morte. Ninguén é tan mozo que non poida morrer, nin tan vello que non poida vivir outro ano.

MELIBEA.- Xa nos prestaría a moitos estar coma ti a túa idade.

CELESTINA.- A verdade é que eu quería falar contigo doutro tema.

MELIBEA.- Ti dirás.

CELESTINA.- Xa ves, necesidade teño de pedirche un favor. Antes, cando vivía o meu home a ninguén lle tiña que rogar, pero cando non hai un home todos son traballos e sacrificios.

MELIBEA.- ¿De que se trata, dime?

CELESTINA.- Querida amiga, voucho dicir pois ánimasme a facelo. Hai un enfermo de morte que pode sanar cunha soa palabra túa, porque a súa vida depende da túa decisión, e eu preciso levarlle o remedio.

MELIBEA.- Non entendo o que dis, fala claro. Explicáte mellor.

CELESTINA.- ¡Que fermosa estás! Seguro que no interior dese corpo tan perfecto hai un espírito cheo de xenerosidade e bondade. Hai que compartir, Melibea, porque o que non damos quítanolo a morte. ¿Imos ser ruíns con aqueles que precisan o noso amor e a nosa amizade? Só os que son a causa dun mal poden remediar ese mal.

MELIBEA.- ¡Por Deus que me estás mareando con tantas reviravoltas! Dime dunha vez quen é esa dorida persoa a quen eu podo aliviar.

CELESTINA.- Un bo mozo, Calisto chámase, entrou aquí e...

MELIBEA.- ¡Xa, xa... xa! Non me digas máis, un tolitates que entrou aquí como touro en cristalería e púxeno de patas na rúa ¡Menuda fixo! ¿Que vea se lle rompeu ó tal señor que precisa mandarche a ti como mensaxeira? ¿Por quen se ten?

CELESTINA.- Anda moi apurado, como ten que coller un voo esta mesma madrugada...

MELIBEA.- ¡Serás bruxa! ¡Non sei o que pretendes, pero virme a min con esas historias...!

CELESTINA.- ¡Déixame explicar! Non tes nengunha razón para alporizarte, se chego a saber que te ías poñer así non falo contigo deste asunto. Tampouco é para tanto que fales un momento con el, despois de todo unha palabra se cruza cun can doente.

MELIBEA.- ¡Non me fales dese home! ¿Que se pensa? Que pode facer o que lle peta. Primeiro entra aquí como alma que leva o demo e despois mándame recadiños. Ese equivocouse comigo. Se non o denunciarei á policía foi porque non sei que me daba, que se non... ¡Non me alporices!

CELESTINA.- ¡Non hai trebón que moito dure!

MELIBEA.- ¿Que dis?

CELESTINA.- ¡Que non te poñas así! Só vin falar dun pobre home que quere disculparse pola desfeita que aquí fixo. Non entendo o teu enfado. Quere disculparse contigo, iso é todo.

MELIBEA.- ¡Está ben! Non paga a pena, imos esquecer o enfado, unha desculpa ben se pode aceptar.

CELESTINA.- ¡Un pobre home, Melibea! Tan boño. Se o coñeceras ben non te poñerías así. É incapaz de ningunha maldade. Alto, guapo, ben posto, espilido, elegante, un chisco sofisticado, algo brusco, é verdade, pero encantador. ¡E a súa presenza, a súa xovialidade fano semellar un anxo! ...Un anxo caído polo desgustado que está por ter feito aquí o que fixo.

MELIBEA.- ¿E cando ten que marchar?

CELESTINA.- De mañanciña. Leva aquí poucos días. É da América, da América do sur, claro. Arxentino ou paraguaio ou colombiano. ¡Vaia, con ese deixe doce no falar e en todo o seu xeito! Andaba nas verzas, e trastornado..., e claro... ¡Tan fermoso! Comprende que unha muller coma eu volva por el.

- MELIBEA.- Ben, lamento telo botado con caixas destemperadas, pero... nunha situación así...
- CELESTINA.- Manda este pano como signo de desagravio. *(Ponlle no pescozo a Melibea o pano que lle pedira a Calisto)*.
- MELIBEA.- *(Acaricia distraidamente o pano no seu pescozo)*. Espero que ese home...
- CELESTINA.- Calisto.
- MELIBEA.- Calisto, non me tomara por unha muller arrebatada e furibunda.
- CELESTINA.- Aínda que así fora, sempre o podes ver de novo para que se faga outra idea de ti...
- MELIBEA.- A verdade é que estiven un pouco alporizada de máis con el... e agora contigo.
- CELESTINA.- Por min non te preocupes, estás desculpada. Con el, mellor que o fixeras directamente, seguro que lle tes moito que falar.
- MELIBEA.- ¿Si? Non. Non sei. Coido que non sei que lle diría.
- CELESTINA.- Pois fálalle do que sentes.
- MELIBEA.- ¿Do que sinto?
- CELESTINA.- Si, desa serpe que comezas a sentir dentro do corpo que parece que che devora o corazón.
- MELIBEA.- ¿Que serpe?
- CELESTINA.- Esa que xa fixo que se foran as cores das túas meixelas e aparezas pálida e esvaída.
- MELIBEA.- ¿Pálida?
- CELESTINA.- Si, dóeme verte así, pero como aínda non me contaches o que che pasa, non sei cal pode ser a causa. E dóeme verte triste e dorida.
- MELIBEA.- Si. ¿Que me pasa, Celestina? ¿Que teño?
- CELESTINA.- Contéstame a estas preguntas, porque para que sexa posible a cura é fundamental que o enfermo teña vontade de sanar e que lle conte todoiño ó médico, como se fora o seu confesor. Primeiro: ¿Que sentes? Segundo: ¿É un sentimento novo para ti?, porque os males novos teñen mellor cura que os vellos. E por último: ¿Agudízase o sentimento cando pensas en alguén?

- MELIBEA.- Sinto un baleiro, unha opresión, unha dor aquí, no peito, da banda do corazón. É un sentimento novo para min, nunca coidei que unha dor puidera turbar a miña vontade e a miña prudencia. Síntome enlevada, desencaixada, desmaiada. E este sentimento agudízase cando penso naquel home. Cando penso en Calisto.
- CELESTINA.- ¿Tanto o odias que con só pensar nel, con só pronunciar o seu nome, énchese o teu peito de sufrimento? O problema debe estar noutro lugar.
- MELIBEA.- Non xogues comigo. Di claramente o que me pasa. Dáme o remedio para rematar con esta dor. Farei o que sexa con tal de acabar con este sufrimento, nada será tan amargo como seguir así.
- CELESTINA.- Coido que a solución está naquel cabaleiro...
- MELIBEA.- Non fales del...
- CELESTINA.- A túa ferida é grande, e precísase moito valor para pechala, porque cun cravo se saca outro cravo e unha dor acaba con outra dor e non hai molestia que se cure sen molestias, e nunca perigo sen perigo se vence. Non fales mal e con rancor dun home tan bo, dunha persoa tan virtuosa e xentil coma Calisto, se o coñeces ben...
- MELIBEA.- ¡Non quero nin oírte! ¡Por favor, non mo lembres!
- CELESTINA.- Imos falar con claridade da túa dor e da túa débeda con esa persoa.
- MELIBEA.- ¿Que lle debo eu? ¿Que fixo el por min? ¿Que teño que facer eu por el? ¡Ábreme o peito e arríncame esta dor que empeza a consumirme sen remedio nen acougo!
- CELESTINA.- O amor invadiu o teu corpo. Eu curareite sen abrirche o peito.
- MELIBEA.- ¿Que dis?
- CELESTINA.- Que estás namorada.
- MELIBEA.- ¡Namorada...!
- CELESTINA.- ¿Síntelo? É un lume escondido, unha agradable chama, un saboroso veneno, unha doce amargura, unha deleitable doenza, un ledto tormento, unha doce e fera chaga, unha suave morte.
- MELIBEA.- ¡Unha dor e unha felicidade inseparables!
- CELESTINA.- Pero todo ten cura.
- MELIBEA.- ¿E cal é esa cura?

CELESTINA.- Non me atrevo a dicilo.

MELIBEA.- ¡Veña, fala!

CELESTINA.- ¡Calisto!

MELIBEA.- ¡Por favor! ¡Fai algo!, consegue que volva, que me veña a ver, que me perdoe.

CELESTINA.- ¡O voo sae dun momento a outro!

MELIBEA.- ¡Fai o que sexa! Implora, chora, suplica.

CELESTINA.- Farei o que poida.

MELIBEA.- Estarei aquí, agardando. ¡Agardando a miña felicidade!

CELESTINA.- Non che prometo nada.

MELIBEA.- ¡Oh!, non me atormentes máis coas túas vacilacións. Vaites, vaites e consegue que Calisto estea aquí dentro dun pouco ou vas conseguir a miña morte.

CELESTINA.- (*Saíndo*). Non será para tanto.

MELIBEA.- (*Soa*). ¡Calisto!, ¡o meu amor! (*Escuro*).

ESCENA SEXTA.- DE COMO CELESTINA CELEBRA O SEU TRIUNFO SOBRE MELIBEA, A QUEN CONSEGUÍU NAMORAR DE CALISTO GRACIAS Ó INFLUXO DA SÚA ELOCUENTE LABIA.

CELESTINA, ELICIA, AREÚSA,
SEMPRONIO, PÁRMENO.

No local de Celestina, entra esta toda contenta.

CELESTINA.- *(Entrando)*. ¡Non hai ninguén aquí. Ninguén ven postrarse ós pés da deusa do amor, da conseguidora de emocións, da raíña da noite. *(Entran Sempronio e Pármeno)*. ¡Ah! ¡Aquí están os meus namorados, as miñas pérolas de ouro!

PÁRMENO.- ¡Que recibimento!, semellas moi leda.

SEMPRONIO.- ¿Cómo foi o teu negocio?

CELESTINA.- Coido que a froita está madura, foi madurecendo conforme eu ía actuando ó través do influxo do meu poderío.

SEMPRONIO.- Diso vives, ben deprendiches o teu oficio.

CELESTINA.- ¡A necesidade e a pobreza! A fame é a mellor mestra do mundo. ¡Rapazas!, baixade axiña, que entraron dous homes e queren forzarme.

ELICIA.- *(Entrando)*. ¡Fai bo rato que estamos agardando! ¿Será culpa de Sempronio que non quere verme a min, senón a outras máis novas?

SEMPRONIO.- ¿Cómo se non tivera outra cousa que facer? Quen traballa arreo non dispón do seu tempo.

AREÚSA.- ¡Mirádeos como se comportan! Dereitos a coller un vaso para beber sen nin sequera deterse a saudar. ¡Que pouca vergoña!

SEMPRONIO.- Despois rifamos, agora imos beber un pouco que estamos secos. Celestina, ti primeiro que ves dereitiña do choio, e ponnos ó corrente de cómo vai o negocio.

CELESTINA.- Sen cumpridos que hai viño e negocio para todos. Vós tedes cada un a súa parella, pero eu que estou desparellada fareina con esta botella, que non hai mellor consolo. O viño quenta o sangue, axuda a pasar as noites de inverno, fai fuxir a tristura dos corazóns, espabila a vontade dos mozos e faina revivir nos vellos, fai animosos ós lánguidos e cura dores de moas, ¡hi!, ¡hi!, ¡hi! Só ten un defecto: que o bo é caro e cando o fígado está contento, a faldriqueira chora. Pero aínda podo beber un bo viño, sobre todo cando hai que celebralo. Doce ou

trece copias nas comidas, de aí non paso. A non ser que sexa cuestión de celebrar algo coma hoxe.

PÁRMENO.- Tres copas din que é o correcto.

CELESTINA.- Liches mal. Onde parecía tres poñía trece.

SEMPRONIO.- Ben, ¿cómo foron as túas xestións no que nos interesa?, ¿cómo che foi na túa visita a Melibea? ¡Mira que está boa a tal rapariga!

ELICIA.- ¿Que Melibea está boa?, ¿a da floristería? ¡Vaite, vaite! ¡Así te afogues co viño que bebes! ¡Non me digas que esa rapaza está boa! Ríome eu da súa beleza, moita pintura, moita aparencia, pero todo mercado na tenda do lado. Pon esa maquillaxe e esa roupa a un pao e tamén dirás que está boa. ¡Unha muller boa, o que se di boa é a que tes diante dos teus ollos!

SEMPRONIO.- Todo o mundo o di: ¡Que boa está a florista, quen a pillara!

AREÚSA.- Porque todo o mundo anda ás patacas. Ó común só lle interesa a cantidade, pero ¿Que me dis da calidade? Calidade só hai nesta casa e nestas mozas.

SEMPRONIO.- Pois a min paréceme que está moi boa, pero sobre todo a quen llo parece é a Calisto. Está tolo de remate por ela, xa non sabe que facer para conseguila. Os dous son bos mozos e a beleza busca á beleza.

AREÚSA.- Iso cóntallo a outro. Ruín sexa quen por ruín se ten. Todos somos netos de Adán e Eva e a todos nos tira ter con quen festexar o corpo.

CELESTINA.- ¡Vaia discusión! ¿Estás anoxada, Elicia?

ELICIA.- Non quero estar con este tipo, ¿para que?, para que me faga a comparanza con ese pendello de Melibea.

SEMPRONIO.- Non é así, miña vida, a ti non te comparo con ninguén.

AREÚSA.- Eu tamén vou marchar, que non quero perder o meu tempo con estes desgraciados.

ELICIA.- Iso, que lles dean.

CELESTINA.- ¡Teñamos a festa en paz! Non lles respondades que se non non acabamos nunca. Imos ó noso, ¿cómo anda Calisto?

PÁRMENO.- Está desasado. Bota lume polos ollos e maldicións pola boca. Non fai máis que falar de Melibea. A nosa ganancia está asegurada. Todos gañaremos deste negocio.

CELESTINA.- Hai que facelo esperar, que a espera, como o remollo, abranda todo. Logo iremos falar con el a contarlle a conversa que tiven con Melibea, pero polo de agora que sufra e espere, non vaia pensar que a embaixada foi doada de facer. ¡Ah!, benvido sexa o Colombiano e tódolos colombianos namorados dispostos a ser estafados e desplumados. O amor ten tanta forza que abre as carteiras e pecha a razón.

SEMPRONIO.- ¡Que verdade dis! Aquí está a culpable de que eu vivira durante moito tempo con paxaros na cabeza, sen pegar ollo e perdendo cartos. Pero todo foi por ben empregado despois de conquistar esta xoia.

ELICIA.- Moi seguro estás. Non te fíes que os teño a centos, e máis amables e xenerosos ca ti.

CELESTINA.- Non fagas caso. Está enfadada polo de Melibea. Deixa que desbarre. Eu coñézoa ben, está desexando darse un bo atracón contigo. ¡Veña, haxa paz!, bicarvos e abrazarvos que, aquí nesta estancia, de cintura para arriba todo está perdoado. Así me gusta, que xa non me queda máis que mirar e envexar.

PÁRMENO.- Habería que ir contárllelo todo a Calisto, o tempo aprema e o voo debe estar xa a saír.

AREÚSA.- Non sexas augafestas, ¿acaso non estás ben aquí, con nós? Tanto Calisto, tanto Calisto. Parece que non podedes vivir sen facer o que el di ou precisa. Hai que ter personalidade. Seguro que el non vos vai agradecer os vosos desvelos. ¡Tanto negocio, tanto negocio! E mellor menos cartos e máis personalidade. ¡Un é un, que carallo!

CELESTINA.- Tes toda a razón. ¡Quen me dera que tódalas que pasaron por aquí tiveran o teu siso! Outro galo cantaría nesta casa.

SEMPRONIO.- ¡Non serían tantas as que pasaron por aquí!

CELESTINA.- ¡Tantas, fillo! Ben se ve que non me coñeciches na miña época de prosperidade, cando pululaban por aquí nove ou dez mozas e ningunha superaba os dezaioito anos.

PÁRMENO.- Pois non terías un momento de respiro que ese gando é moi difícil de pastorear.

CELESTINA.- Foron o meu alivio e o meu descanso. Todas me obedecían e honraban. Seu era o afán e meu o proveito. Nunca tiven tanto servidor: cabaleiros, mozos, vellos, curas de tódalas clases, de bispos a sancristáns. Entraba eu nunha igrexa, por un casual, e todos deixaban as súas oracións e corrían xunto a min a saudarme e preguntarme polas mozas. E o que cantaba misa, turbábase de tal xeito, que xa non facía nada á dereitas.

SEMPRONIO.- Espantados nos tes con esas historias da Santa Nai Igrexa.

CELESTINA.- ¡Non permita Deus que eu levante falsas testemuñas! Na Igrexa, como en todas partes, hai de todo. Entón si que eu estaba na fartura. A verdade é que agora vivo na miseria.

AREÚSA.- Deixa de queixarte, que todo ten remedio.

CELESTINA.- Só fago memoria dos bos tempos.

SEMPRONIO.- Non é bo chorar polo que non se pode recuperar.

CELESTINA.- Xa vos chegará o tempo a todos en que vexades con mellores ollos o pasado que o presente.

SEMPRONIO.- ¡Veña, imos ó hotel de Calisto, que xa é tempo!

CELESTINA.- Si, tes razón, imos falar con Calisto, que xa o deixamos sufrir un tempo e a empanada xa debe estar para cataa.

PÁRMENO.- ¡Imos, pois!

ELICIA.- ¿E nós que? ¡Que nos parta un raio!

AREÚSA.- Se marchades así, non volvades por aquí.

CELESTINA.- Os negocios son os negocios, deixádevos de parvadas.

AREÚSA.- Ou sexa, que nós só valem para pasa-lo tempo.

CELESTINA.- ¡Claro, que pensabades! Imos, que Calisto estará tolo pola miña tardanza.

SEMPRONIO.- Estará tolo de calquera xeito. (*Escuro*).

ESCENA SÉTIMA.- DE COMO CELESTINA INFORMOU A CALISTO DOS SEUS LOGROS CON MELIBEA. ESTE, ANTE TANTA FELICIDADE, DEIXA MARCHAR O AVIÓN QUE O TRANSPORTARÍA A SÚA REALIDADE COLOMBIANA.

CALISTO, CELESTINA, SEMPRONIO, PÁRMENO.

Na habitación do hotel vemos a sombra paseadoira e preocupada de Calisto proxectarse no fondo. Celestina entrará nese ámbito, quedándose no escenario Sempronio e Pármeno, atentos á xogada.

CALISTO.- *(Detén o seu ir e vir dunha banda para outra cando escoita a alguén. Entran en escena Celestina, Sempronio e Pármeno).* ¿Que pasou?, ¿que me tes que dicir?

CELESTINA.- *(Entrando no ámbito das sombras de Calisto).* ¡Ah, amigo meu!, ¿con que me vas pagar o grande favor que veño de facerche? ¡Ata a vida puxen en xogo pola túa causa! ¡E a vida vale máis que cen quilos de ouro!, polo menos a miña.

PÁRMENO.- Entre col e col, leituga. Non se perde polas palabras esta tía.

SEMPRONIO.- ¡Cala!, que si Calisto nos escoita é quen de pegarnos un tiro.

CALISTO.- ¡Veña, Celestina, conta, fala, non prolongues a miña agonía! Dime dunha vez se teño ou non que dar-me un tiro con esta pistola.

CELESTINA.- ¡Deixa a arma para os inimigos! Eu veño con boas novas.

CALISTO.- ¿Boas?

CELESTINA.- Pois claro que boas. Fíxenme amiga íntima de Melibea. Tanto intimamos que quedamos para cear xuntas dentro duns días. Terei que comprarme algo, que non teño para saír de noite, e con este frío. Hai uns abrigos moi axeitados.

PÁRMENO.- ¡Estalle pedindo un abrigo!

SEMPRONIO.- ¡Cala dunha vez!

PÁRMENO.- Esta puta quere gañar nun día o que non fixo en corenta anos.

SEMPRONIO.- Deixa que pida o que queira, que todo o terá que repartir con nós se non quere lamentalo.

CALISTO.- ¡Dime, cóntame polo miúdo! ¿Como entraches? ¿Que cara puxo cando falaches de min? Todo, quero escoitalo todo.

CELESTINA.- Eu dixen: “Calisto” e ela puxo unha cara como... como...

CALISTO.- ¿Como?

CELESTINA.- Como un touro bravo a piques de arremeter.

CALISTO.- Pois se así comezaches, ¿como será o remate? ¡Case non quero nin escoitalo!

CELESTINA.- ¿Cal é o segredo oficio das abellas?

CALISTO.- ¿Que? ¿Que queres dicir?

CELESTINA.- Convertelo todo en mel. Iso fixen eu coa furia de Melibea, convertina en mel. ¿Ou pensas que eu vou ós sitios perde-lo tempo?

PÁRMENO.- Vaia desbarre. E ti babexas ó escoitala. Ó escoitar esa sarta de mentiras.

SEMPRONIO.- Gústame o que lle gusta a todo o mundo: escoitar estas historias de amor, aínda que sexan falsas.

CALISTO.- ¡Quen me dera ter estado no teu lugar!

CELESTINA.- ¡No meu lugar!, ¿sen un abrigo?

PÁRMENO.- ¡Vaia morro que lle bota! ¿Ti escoitaches?

CALISTO.- ¡O que escoito son eu! ¿Queredes calar dunha vez e deixar que Celestina remate de contar todo o que ten que contarme?

CELESTINA.- Abrinlle o meu corazón, deille a miña mensaxe, expliqueille o que por ela sentías. Pero en canto escoitou o teu nome mandoume calar, insultoume, chamoume alcaiota, bruxa, falsa, barbuda, pendanga e outros agasallos parecidos.

CALISTO.- ¿E?

CELESTINA.- ¿E, que?

CALISTO.- ¿Que, que pasou?

CELESTINA.- ¡Hostia, Calisto!, non me interrompas que perdo o fío do relato, e así non imos rematar nunca e non quero que se faga tarde que logo teño que volver soa a casa.

PÁRMENO.- Iso, que alguén a acompañe, non vaia ser que violen á rapaza.

CALISTO.- Logo te acompaña Pármene, veña, segue, ¿que aconteceu?

CELESTINA.- Deille o teu pano.

CALISTO.- ¿E aceptouno?

CELESTINA.- De mil amores.

CALISTO.- ¡De mil amores! ¿Iso é bo sinal, non?

CELESTINA.- ¡Boísimo!

CALISTO.- ¡Es estupenda! ¡Pídeme o que queiras, o que queiras! ¡ O mundo enteiro poñerei ós teus pés!

CELESTINA.- Chégame cun par de centos de miles para... gastos.

CALISTO.- ¿Cen mil? E un millón se ti queres.

CELESTINA.- Cen mil chegan. Non ofrezas máis que ofrecer moito a quen pouco pide é como negarllo.

CALISTO.- ¡Pármene! Colle cen mil desa maleta.

PÁRMENO.- ¿Cen mil?

CALISTO.- Si, cen mil, ¿estás xordo?

PÁRMENO.- ¿Desta maleta?

CALISTO.- Si, desa, ¿de cal vai ser, senón?

PÁRMENO.- (*Collendo os cartos*) ¡Todo para esa puta, e a nós que nos arrastren!

CALISTO.- ¿Que murmuras? ¡Veña, date présa!, ás veces parece un inútil. (*Colléndolle os cartos a Pármene e dándollos a Celestina*). Toma, para que merques un bo abrigo.

CELESTINA.- Así o farei, un abrigo en honor de Melibea.

SEMPRONIO.- (*Collendo o teléfono que soou no escenario*). ¡Si... si, aquí é... agora mesmo llo digo! (*Falando a Calisto mentres tapa coa man o auricular*). Que o taxi que pediches xa está abaixo, leva un bo anaco esperando, e que como demores un pouco máis non chegades a tempo ó aeroporto. O avión sae xa.

CALISTO.- ¿Que avión? ¿De que me falas? Eu non vou coller ese avión. Xa pode marchar sen min. Despide ó taxista.

PÁRMENO.- ¡Cagámola!

SEMPRONIO.- (*Polo auricular*). O taxi pode marchar, e o avión tamén. O señor Calisto non collerá ese voo. (*Colga*).

CELESTINA.- Pois como dicía, traio moi doces palabras de Melibea e veño de deixala só falando de ti.

CALISTO.- ¿Non me enganarás?

CELESTINA.- Non ten pensamento máis que para ti, por ti vive e para ti quere vivir.

CALISTO.- ¡Ah, nunca poderei pagar os teus servicios no seu valor! ¡Xa non sei que darche!

PÁRMENO.- ¡Non lle deas máis nada!

SEMPRONIO.- ¡Cala, que o que reciba teno que repartir! Ti escoita e cala que para iso che fixo Deus con dous oídos e unha soa lingua.

PÁRMENO.- ¡Ti mira! Calisto está colgado dos beizos da ladra. ¡Mira: xordo, mudo e cego!

CELESTINA.- ¡Melibea ámate!

CALISTO.- ¿É verdade o que escoito? Pármeno, Sempronio, ¿non será un soño? Celestina, non mintas para agradecer o que che teño dado.

CELESTINA.- Os namorados desconfían das boas noticias e nunca dubidan das malas. Se é verdade ou non o que che digo poderalo saber ti esta noite, porque concertei unha cita con ela. ¡Verala esta noite a soas!

CALISTO.- Pero, ¿é posible tanta felicidade?

CELESTINA.- Estando eu polo medio, si.

CALISTO.- Non o podo crer. ¿Aceptou Melibea unha cita comigo?

CELESTINA.- Irá de xeonllos.

SEMPRONIO.- Moi convencida está a trapalleira.

PÁRMENO.- Si, a min tamén me parece raro que aceptara tan pronto. Aquí hai algo que non encaixa.

CALISTO.- ¡Calade, güevones! Deixádevos de sospeitas e non toldedes este intre tan sublime e delicioso.

SEMPRONIO.- É igual. Se é unha trampa nós temos boas pernas para saír ás carreiras.

CELESTINA.- ¡Ben!, eu marcho, unha vez cumprida a miña misión dou paso ós amantes e ós amores. ¡Calisto, xa sabes onde me podes atopar se de novo precisas de min!

CALISTO.- ¡Mil gracias outra vez!

CELESTINA.- ¡E vós, Pármene e Sempronio, alegrade esa cara que todo saíu ben para todos!
(*Sae de escena*).

PÁRMENO.- ¡Mira que présa ten a condenada por chegar á súa casa e agochar as ganancias de hoxe! Aínda non se cre o moito que hoxe gañou.

SEMPRONIO.- ¿E que queres que faga? Está afeita a gañar catro cadelas por poñer a circular carne de segunda e de pronto vese con esa fortuna, unha maleta con cincuenta quilos que ti lle levaches e o de agora. Déixaa que corra. Polas boas ou polas malas, terá que repartir connosco esas ganancias.

CALISTO.- Deixade de murmurar aí como colexialas e preparádevos.

PÁRMENO.- Preparádevos para esfumarnos cando chegue a Medellín a noticia de que non colliches o voo e o porqué desa cancelación.

CALISTO.- ¿Medellín? ¿Que carajo é iso de Medellín? ¿Acaso existe Medellín? Só hai unha palabra en tódolos idiomas que comeza por M: Melibea. ¡Borrade a Medellín do universo! ¡Melibea, só Melibea! ¡Imos pois á cita do século! Alegrade esas caras, agora todo ten que brillar ó meu redor. (*Escuro*).

ESCENA OITAVA.- DE COMO SEMPRONIO E PÁRMENO RECIBIRON A NOTICIA DE QUE OS PATRÓNS DE MEDELLÍN PUXERON PREZO AS SÚAS CABEZAS E MAIS Á DE CALISTO.

SEMPRONIO, PÁRMENO.

Na habitación do hotel, Sempronio pasea preocupado. Pármeno, preguizoso, fai un solitario.

SEMPRONIO.- ¡Todo isto é unha tolería! ¡Alá vai!, a botarse nos brazos dunha florista sen importarlle nada do que lle pase a el e sobre todo a nós.

PÁRMENO.- ¡Hai encontros que son marabillas!

SEMPRONIO.- Iso é verdade. ¡Melibea é unha fermosa moza! ¿Ti víchela?

PÁRMENO.- ¡Déixate de Melibeas! Eu refírome a outra muller coa que compartir gracia e fermosura. ¡Non remata o mundo no corpo de Melibea!

SEMPRONIO.- ¿Ti tamén afiando agullas? Calisto perde o caletre por Melibea e ti disme que tamén perdistes a pouca intelixencia que gardabas.

PÁRMENO.- Disfrutar non é de idiotas.

SEMPRONIO.- Segundo opinabas ti antes, si. Moitas veces escoitei como contradicías a Celestina e lle dabas consellos inútiles a Calisto para poñer atrancos ó noso negocio. Agora tócame a min burlarme de ti.

PÁRMENO.- ¡Burla todo o que queiras! Eu tiven unha noite de festival con Areúsa e non ma saca do corpo as túas burlas.

SEMPRONIO.- É moi fácil opinar das vidas alleas, quentándolle a cabeza a Calisto para que esqueza a Melibea e logo vir brincando de xúbilo e falando do festival con Areúsa. Se foses legal xa me tiñas axudado en lugar de murmurar como un pozo de veneno.

PÁRMENO.- Non me poñas mala cara. Eu estou contigo e con Celestina. Son da vosa camada.

SEMPRONIO.- ¡A boa hora!

PÁRMENO.- Só comentaba o ben que o pasei coa rapaza. Saíu na conversa. Se estou de bo humor é porque como Calisto, eu tamén alcancei o que quería.

SEMPRONIO.- ¿É que estaba nun balcón? ¿A que chamas tela alcanzado?

PÁRMENO.- ¡O mesmo deixeina preñada esta noite!

SEMPRONIO.- ¡Si, home si! Esmendréllome de risa. O moito traballo e paciencia poden conquistar calquera fortaleza.

PÁRMENO.- ¿Paciencia? Foi nun chiscar de ollos.

SEMPRONIO.- Seguro que Celestina andou polo medio.

PÁRMENO.- ¿En que o notas?

SEMPRONIO.- Tiveches sorte coa madriña. Foi visto e non visto, pedir e recadar; por iso máis vale chegar a tempo que roldar cen anos.

PÁRMENO.- ¡Unha noite memorable! Estaba case espida e eu acaricieille as súas fermosas tetiñas, que empezaron a espabilar como dúas cadeliñas recién paridas.

SEMPRONIO.- Iso fará agora Calisto con Melibea.

PÁRMENO.- Despois biqueille todo o corpo, pouco a pouco, recuncho a recuncho, remanso a remanso, recóbado a recóbado, repregue a repregue...

SEMPRONIO.- Como será entre Calisto e Melibea.

PÁRMENO.- Despois comecei a trepar polo seu corpo como liana en selva frondosa, como mariñeiro en vela maior, como alpinista en everest, como...

SEMPRONIO.- Como Calisto con Melibea neste instante.

PÁRMENO.- E por fin atopei o lugar exacto do delirio, o punto crucial da loucura, o cerne máis escondido do pracer, o cume máis alto do paraíso... e disolvinme nela como o leite no café, como o sal na auga, como a néboa no ar...

SEMPRONIO.- Como Calisto en Melibea...

PÁRMENO.- ¡Hostia, tío! Déixate xa de tanto Calisto e Melibea. ¡Que o disfruten que é o seu!

SEMPRONIO.- Si, pero vano disfrutar á nosa costa, porque como se saiba en Medellín, non só vai caer Calisto, nós iremos detrás.

PÁRMENO.- Se nos percebemos que hai algún movemento estraño, dámoslle sebo ás canelas e xa está.

SEMPRONIO.- Niso tes razón, se a cousa se pon rufa nós collemos as de “por aquí que te vin”, e que cargue Calisto coas consecuencias das súas decisións.

PÁRMENO.- ¡Ben dito!, eu xa teño feita a maleta por se as moscas. ¿Quen lle mandou meterse nesta aventura?

SEMPRONIO.- Deume un par de centos para que lle gardase as costas, pero non vou arriscar a vida por un baldreu namorado.

PÁRMENO.- A min tamén untoume un pouco, pero non hai unto no mundo que valga a miña seguridade. Non é cobardía, é prudencia.

SEMPRONIO.- (*Collendo o teléfono que acaba de soar insistentemente*). Si...si, son eu. ¡Hola, chacho!, ¿que hai de novo...? ¿Si?... ¡non fodas!... Xa me parecía a min... Si... si... Non te preocupes... Gracias, machiño... déboche unha... está ben, unha moi gorda... ¡Abur! (*Colga*). ¡Cagámola, Pármeno! En Medellín son sabedores da movida, deberon ter coñecemento polo contacto que tiñamos que avisar no aeroporto e non o fixemos. O caso é que deron a orde e parece ser que hai movementos estraños pola cidade... algúns matóns de máis, algunha arma de menos nos armarios, unhas preguntas indiscretas nas barras dos bares... Isto ponse feo, Pármeno. Avisóume o Curuxa e xa sabes que ese ten moi bo olfato.

PÁRMENO.- ¡Hai que desaparecer axiña, e por bastante tempo!

SEMPRONIO.- E deixar que Celestina quede con todo o beneficio deste negocio, coa maleta dos cincuenta millóns e o demais... ¡Imos á casa desa bruxa, pedímoslle o que é noso e desaparecemos!

PÁRMENO.- Si, collemos a metade das ganancias, polas boas ou polas malas, e liscamos de aquí unha boa temporada.

SEMPRONIO.- ¡Imos, pois, e prepara a pipa que agora a cousa vai en serio!

PÁRMENO.- Non son eu nada cunha destas na man: a elocuencia personificada, Castelar o meu lado, un principiante, un naipelo no berce.

SEMPRONIO.- E se a bruxa se resiste... candela con ela...

PÁRMENO.- Caña á bruxa, que o mundo nolo agradecerá. (*Saen de escena e faise o escuro*).

ESCENA NOVENA.- DE COMO SEMPRONIO E PÁRMENO AS GASTAN CANDO NON SE LLES DÁ O QUE CONSIDERAN PROPIO.

SEMPRONIO, PÁRMENO, CELESTINA,
ELICIA, AREÚSA.

No local de Celestina entran precipitadamente Sempronio e Pármeno.

SEMPRONIO.- ¡Celestina, onde estás!

PÁRMENO.- ¡Sae para fóra, bruxa!

CELESTINA.- (*Entrando na escena*). ¿Como vides a estas horas? ¿Que pasou? ¿Como foi a cita que lle preparei a Calisto? ¿Segue con Melibea?

SEMPRONIO.- Se non fora por nós, xa estaban os dous criando malvas.

CELESTINA.- ¡Santo ceo! Non faledes do xato e perdades o trato, contádeme todo dunha vez.

SEMPRONIO.- Aínda teño a carraxe metida no corpo.

PÁRMENO.- E a min aínda me ferve o sangue.

CELESTINA.- Pois tranquilizádevos e dicídeme que pasou.

PÁRMENO.- Estamos moi alterados. Será difícil contar con tranquilidade o que acabamos de pasar. Prepáranos algo de beber, a ver se así acougamos algo. Aínda que o corpo me pide atopar a alguén a quen mandar ó outro mundo, xa que non o puiden facer cos matóns que fuxiron de nós hai uns momentos.

CELESTINA.- Déixate de caralladas, que non me tes pinta ti de facer fuxir a ninguén. Sempronio, conta ti o que pasou.

SEMPRONIO.- ¡Veño feito unha furia! Xa a pipa queima entre as mans de tanto como falou. Un demo, estou feito un demo con esta artimaña, aínda que non sei se non estará inservible xa. Terei que facerme con outra, unha nove largo que é mellor, pero estou sen unha cadela para mercala. Non teño nin un patacón.

CELESTINA.- Pídelle cartos a Calisto, esta temporada está moi xeneroso, e posto que fuches o seu gardacostas...

SEMPRONIO.- Tamén Pármeno quere novo armamento, ¿vai que si?

PÁRMENO.- Novo e de repetición.

SEMPRONIO.- Non creo que a Calisto lle quede moito dividendo, primeiro deunos unha das maletas, despois cen mil calas... Coido que é suficiente, quedamos contentos co razoable, non vaíamos perdelo todo, que quen moito aperta pouco abrangue.

CELESTINA.- ¡Gracioso o asno! Paréceme que en lugar de gardar as costas de Calisto, estivestes levantando o cóbado. ¿Que ten que ver o teu diñeiro co meu salario, o teu soldo cos meus agasallos? ¿Estou eu obrigada a pagar os vossos servicios? O que Calisto me deu, meu é, eu non vos pido nada do voso. Cada un fixo a súa aposta e cada un recolleu as súas ganancias.

SEMPRONIO.- ¡Cando pobre, xenerosa; cando rica, avarenta! Hai poucas horas dicías que me levara todo o proveito do negocio coidando que sería pouco; agora que ves que o beneficio medrou, non queres darnos nada. Verdadeiramente a cobiza é o pecado dos vellos pendellos.

CELESTINA.- ¡Sen ofender! Ademais as frases feitas e as palabras educadas e de bo humor non obrigan. ¿Por que vou repartir os meus cartos? Este é o meu oficio, a isto dedico o meu esforzo e disto como. Con moito gusto vos agasallarei cuns presentes, en agradecemento pola vosa axuda neste negocio. Pero non pretendades cobrar igual ca min, que non é o mesmo quen traballa que quen se divirte.

PÁRMENO.- Que che dea a parte prometida ou collemos todo. Xa che dicía eu como era esta puta.

CELESTINA.- Eu non teño a culpa da desfeita vosa. Aínda que xa empezo a coñecervos ben... Vós o que queredes é atemorizarme para que vos atope outras dúas rapazas novas, xa fartastes de Elicia e Areúsa, pois estade tranquilos que quen vós conseguiu esas dúas vos consegue dez máis e moito mellores, eu sei agradecer os bos servicios.

SEMPRONIO.- Non cambies a conversa. Dános agora mesmo a nosa parte neste negocio, se non queres que se descubra quen es.

CELESTINA.- ¿Quen son eu, Sempronio? ¿Vasme quitar ti do puterío? Eu son como moitas outras, nin mellor nin peor. Vivo limpamente do meu oficio como cada quen do seu. A quen non quere, non o busco. Véñenme buscar a casa. Se vivo ben ou mal, só Deus o sabe. Non te poñas farruco comigo que a xustiza é igual para todos. E se seguides así vou á policía e tiro da manta. ¿Que vos pensabades?

PÁRMENO.- Xa me está fartando de todo esta bruxa. ¿Onde está a maleta?

CELESTINA.- ¡Xa está ben! Agora mesmo vou á policía. ¡Elicia, Elicia baixa a acompañarme que imos declarar todo á policía. ¿Que é isto? ¿A que veñen estas ameazas na miña casa? ¿Cunha ovella mansa queredes vós facervos os valentes? ¿Cunha galiña presa? Gastade os vossos folgos cos que mandaron os de Medellín, pelexade con homes coma vós e non cunha muller indefensa. Se Elicia me

fixera caso, non estaríamos soas nesta casa, nin durmiríamos ó lume de palla. Pero por serche fiel, vivimos indefensas, e agora vés esixirnos o que non é teu. Se houbera aquí un home, non serías tan valente.

SEMPRONIO.- Puta cobizosa, ¿non te conformas coa terceira parte do gañado?

CELESTINA.- ¿Que terceira parte? Fóra da miña casa agora mesmo; basta xa de voces e de escándalos. Non me fagades perder a cabeza e que todo isto remate nun mal acontecemento.

SEMPRONIO.- Ou cumpres co que prometiches ou hoxe cúmprense os teus días.

ELICIA.- *(Entrando na escena).* Pero, ¿Que pasou aquí? ¿Onde imos parar con semellantes berros? Sempronio, garda a arma. Cólleo, Pármene, detén a este home, que está tolo e é quen de dar morte a alguén.

CELESTINA.- *(Sae correndo do escenario, a súa sombra recórtase no fondo, leva na man a maleta dos cincuenta millóns.)* ¡Socorro, axuda, que estes dous son quen de matarme!

SEMPRONIO.- *(Saíndo tras dela).* Traidora, pendanga, bruxa. No inferno agradecerán a túa morte. *(Dispara).*

CELESTINA.- *(O seu espantallo recórtase na sombra do fondo. Cae ferida de morte).* ¡Non, Sempronio, non! ¡Non quero morrer!

PÁRMENO.- Acaba con ela, remata o empezado para que cale dunha vez.

CELESTINA.- ¡Non! *(A sombra de Sempronio aparece sobre ela, dispara de novo rematando a súa acción cun tiro de gracia e colle a maleta das mans de Celestina).*

ELICIA.- ¿Que fixestes, desgraciados? ¡Malditos sexades para sempre! ¿A quen dístedes morte? ¡A unha muller indefensa!

SEMPRONIO.- *(Falando desde a sombra do fondo).* ¡Imos, Pármene! Fuxamos de aquí antes de que nos atopen os matóns enviados polos de Medellín.

PÁRMENO.- ¡Imos, ímonos axiña! *(A sombra de Sempronio desaparece do fondo, pasa, tamén, como un raio, a sombra de Pármene. Logo se recorta sobre o fondo, grande, exacta, a sombra indiscutible dun brazo rematado nunha luger do doce longo. Soan dous disparos, seguidos dos sons guturais e secos dos matachíns ó recibir os impactos. Despois chega de entre caixas, o son de dous fardos contra o chan. O brazo proxectado desaparece do lugar).*

ELICIA.- ¡Oh, meu Deus, meu Deus! ¿Que será agora de min? Tan boa que fuches comigo. Ti traballabas e eu folgaba. Ti vestías con calquera cousa e a min deixábasme os bos traxes. ¡Miña nai, miña nai, miña naiciña! ¡Cantas veces a túa experiencia servíu para encubrir os meus erros! ¡Celestina, non me deixes!

¡Agora comprendo todo o que che debía! ¡Malditos sexan Calisto, Melibea e o seu amor que causaron esta morte inxusta e innecesaria! ¡Que o voso amor revire en amargo entre as vosas mans! ¡Maldito sexa o mundo enteiro!

AREÚSA.- *(Entrando coa maleta na man)*. Acaban de asasinar a Sempronio e Pármene aí, na volta da rúa. Deixaron esta maleta tirada no chan, deberon coidar que era de roupa. ¿Que fas? ¡Deixa de chorar a quen xa non podes remediar! ¡Celestina morta tamén, pois que para alá se vaia, que nós quedamos aquí! Temos que agocharnos por se eses tipos tamén nos buscan a nós. ¡Deixa de chorar, cona, que non me deixas pensar! ¡Xa está, hai que avisar a Calisto do que pasou, el é xeneroso e o mesmo nos da algo pola información, seica aínda lle quedan bos cartos! ¡Cala xa e deixa as choromicadas! E con eses cartos agochámonos unhas semanas. ¡Veña, parva, alegre esa cara que dentro da desgracia, a ti e a min pódenos ir moi ben! ¡Seca as bágoas e sorrí! ¡Morreu Celestina, que lle imos facer! Despois de todo nós herdamos un bo pico, que para os espelidos non hai mal que por ben non veña. Toma, agocha esta maleta *(Elicia colle automaticamente a maleta que lle da Areúsa e abrazase a ela chorando. Escuro)*.

ESCENA DÉCIMA.- DE COMO AREÚSA INFORMA A CALISTO DAS MORTES DE SEMPRONIO E PÁRMENO E COMO O COLOMBIANO PREPARA A SÚA FUXIDA CON MELIBEA, QUE O AMOR ABRE PORTAS FALSAS E PECHA ILUSIÓNS TARDÍAS.

CALISTO, AREÚSA.

Na habitación do hotel entra, precipitadamente Calisto e ponse a facer, urxentemente, as súas maletas. A dos cartos está ben visible no escenario.

CALISTO.- ¡Que felicidade! ¡Que felicidade! ¿Non será todo un soño? Non, non, tivo que ser de verdade, non foi maxinado. Aínda conservo no meu corpo o seu tacto, aínda teño na miña pel o arrecendo das súas mans. ¡Melibea! ¡Melibea! Teño que facer axiña as maletas. ¡A viaxe cara a miña felicidade! ¡Que momentos! ¡Que segundos de loucura! ¡Melibea, Melibea, o meu amor para sempre!

AREÚSA.- *(Entrando).* ¡Foxes, Calisto!

CALISTO.- Si, marcho de acá, marcho de alá, fuxo da realidade, da vida.

AREÚSA.- Paréceme ben, viña a previrte. Están buscándote, Calisto. Xentes de mal, xentes mandadas polos de Medellín.

CALISTO.- ¿Medellín? ¿Existe algún lugar no mundo que se chame así?

AREÚSA.- Por desgracia, si.

CALISTO.- Teño unha cita co meu amor. Marchamos. Ímonos xuntos fóra de toda esta maraña. Non queremos saber nada de vós, nada de ninguén. Só queremos vivir o un para o outro. Atopei o meu porto, o meu peirao. Atopei a miña cidade, atopei a miña patria. Está en Melibea, no seu corpo transparente, no seu xeito de ser claro e sincero, na súa vida que dende agora será a miña.

AREÚSA.- Escóitame ben, Calisto. A cousa non vai de brincadeira. Sempronio e Pármeno asasinaron a Celestina.

CALISTO.- ¡Celestina! Canto lle debo a esa boa muller, foi o anxo da garda do meu amor.

AREÚSA.- O que a ela lle debes págamo a min. Eu son a súa herdeira universal.

CALISTO.- ¿Por qué Sempronio e Pármeno lle deron morte? ¿A que ven ese acto inútil?

AREÚSA.- Agora as razóns xa non importan. O caso é que ela está morta, pero eles dous tamén.

- CALISTO.- ¿Sempronio e Pármemo?
- AREÚSA.- Si.
- CALISTO.- ¿Alguén vingou a morte de Celestina?
- AREÚSA.- Non, non foi así.
- CALISTO.- É igual. Sempronio e Pármemo naceron para vivir desleigados e viviron para morrer violentamente. Estaba escrito nas súas vidas que así sería a súa morte.
- AREÚSA.- Pois coida que a túa vida non teña xa gravada a morte túa na palma da súa man.
- CALISTO.- Podería ser. Pero eu xa non son quen era. Non sei como estaba escrito que morrera Calisto, pero o que aconteceu é que desapareceu entre os brazos de Melibea, e alí renaceu outro home, outro ser, xa non Calisto, senón Melibeo. Agora son Melibeo e a miña vida, a miña vida comeza a escribirse de novo a partir deste instante. Nada do que aconteza ía acontecer. O mundo, o universo, a vida comeza neste momento.
- AREÚSA.- Déixate de andrómenas, que a cousa é moi seria. Sempronio e Pármemo morreron a mans dos matóns enviados polos de Medellín, e a quen buscan, sobre todo, é a ti.
- CALISTO.- Nunca me atoparán. O trazo marcado por Calisto desapareceu. Son outro, alguén que xa non ten que ver con Sempronio, con Pármemo, con Medellín. Só teño que ver, só existo porque existe Melibea.
- AREÚSA.- Anda con tino Calisto, seguro que te atoparán. Teñen moitos contactos, e os amigos sempre son falsos. Colle a túa amada, se queres, e desaparece das Rías. Que ninguén saiba a onde fuxides. Tampouco mo digas a min, non quero saber nada. Nestas situacións canto menos se saiba, moito mellor.
- CALISTO.- ¿A onde fuximos? Claro que cho vou dicir: á felicidade. Á felicidade plena e para sempre. Vin aquí exclusivamente facer as maletas, ela foi facer as súas. Atoparémonos na floristería. Pero non fuximos de vós, nin deles, nin dos outros. Fuximos da realidade. Imos construír, lonxe de aquí, a nosa máis perfecta, pura e eterna realidade. Unha realidade só para nós e á nosa medida.
- AREÚSA.- Pois lisca, corre e agocha o teu amor nun lugar imposible de atopar, porque van por ti e non deixarán de buscarte por tódolos recunchos deste mundo, desta realidade absurda e escura. Fuxe canto antes.
- CALISTO.- Sempre coidei que vós me comprendiades. Agradezo os teus avisos, os teus desvelos. Toma (*dá algúns cartos da maleta que queda da recadación*). Comparte comigo un anaco de felicidade, non fagas de balde todo o esforzo

que acabas de facer. Comprendo a túa situación: arriskas a túa vida por poñerme sobre aviso, e tamén por gañar algo do que todos, agás ti, ata o de agora gañaron. Pois ti tamén participarás desta festa. Cólleos sen medo que ninguén saberá de onde proveñen.

AREÚSA.- Sorte, Calisto, que a túa felicidade non sexa a nai da túa desgracia.

CALISTO.- Sobre todo que non sexa a nai da túa. *(Sae de escena)*.

AREÚSA.- *(Conta os cartos)*. ¡Non está mal! Unha misión perigosa pero productiva. Adeus Calisto, o Colombiano, que disfrutes do teu amor con Melibea, que non tódolos días se escriben historias como a túa. *(Sobre o fondo proxéctanse as sombras ameazantes de dous matóns. Areúsa percebe a súa inqueda de presenza)*. ¡Non, eu non teño nada que ver neste asunto! *(tira lonxe de seu os cartos que contaba)*. ¡Non son meus! ¡Non son meus! ¡Fuxíu, Calisto fuxíu! ¡Tiña unha cita, na floristería! ¡Eu non teño nada que ver con este asunto! ¡Non sei nada! ¡Nada! ¡Na floristería, alí podédelo atopar! *(Faise o escuro e soa, insensible, o estalo dun disparo)*. ¡Na floristería podédelo atopar dentro duns minu...! *(O impacto do proxectil detén a faladuría histérica e inútil)*.

ESCENA UNDÉCIMA.- DE COMO REMATARON OS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA, PARA REPRESIÓN DE TOLOS NAMORADOS E AVISO DOS ENGANOS DE ALCAIOTAS E MALOS AMIGOS.

CALISTO, MELIBEA.

Na floristería está Melibea cunha maleta e entra Calisto, abrázanse. El deixa as súas maletas no chan, ben visible a dos cartos da recadación.

CALISTO.- Aquí estou, meu amor, acá estamos.

MELIBEA.- ¿Que nos impulsa a facer esta loucura? ¿Que imperio se ten apoderado de nós? ¿Por que o arriscamos todo polo que non sabemos que será?

CALISTO.- Ti es o meu pulo, a miña forza, o meu risco.

MELIBEA.- Tanto insistiches nesta aventura... pero non sei onde rematará este o noso amor. Vin decidida a suplicarte que o deixáramos, que abandones as túas pretensións. Vin despedirme de ti.

CALISTO.- ¡Non, Melibea, non! ¿Por que permitiches que abrigara esperanzas? ¿A que veñen as túas palabras e as túas intencións se son falsas? ¿Por que me fixeches vir acá se pensabas rexeitarme?

MELIBEA.- ¡Cala!, cala coas túas lamentacións e coas túas queixas, que non podo aturar o teu sufrimento! ¡Mírame, mírame ós ollos, non ves o desexo reflectido neles! ¡Farei todo o que me pidas, todo!

CALISTO.- ¡Meu amor! ¡Descanso do meu corazón! ¿A quen teño que agradecer este inmenso pracer, esta sublime felicidade que inunda o meu peito coma un río desbocado e irrefreable?

MELIBEA.- Tamén quixen apartarte de min. Loitei para escapar do que agora sinto, pero foi imposible. Algo estalou no meu interior e xa non o podo remediar. Contigo estarei sempre, contigo e co teu amor.

CALISTO.- ¡Meu amor, miña vida! Estás nos meus brazos e non o podo crer. Son tan feliz, estou tan turbado que non podo explicarche con claridade toda a felicidade que sinto.

MELIBEA.- ¡Agarda, escoita Calisto! ¿Por qué temos que fuxir tan desesperadamente? ¿A que veñen estas présas?

CALISTO.- Periga a miña vida, e tamén a túa. Non teñen piedade, son capaces de todo.

- MELIBEA.- ¿Pero quen? ¿De quen estás a falar?
- CALISTO.- Non preguntes, mellor que non saibas nada. Apuremos estes momentos, estes intres de felicidade, quizais non volvan repetirse, quizais todo remate de contado.
- MELIBEA.- ¡Estasme a asustar! ¿Que me queres dicir?
- CALISTO.- Nada, esquéceteo, meu amor. Vivamos urxentemente a nosa felicidade, vivámola mentres poidamos. ¡Ven! *(Comeza a espila)*.
- MELIBEA.- ¡Espera, espera! ¡Non, aquí non! ¡Non debemos aquí...!
- CALISTO.- ¡Melibea, meu amor! *(Os dous amantes comezan a espirarse aloucadamente, tensos, torpes, espasmódicos; a camisa de Calisto queda a un lado e sobre ela, ben visible, a cartucheira de sobaco coa pistola)*.
- MELIBEA.- *(Abrazándose)*. ¡Meu amor, meu amor!, ¿por qué tardaches tanto en aparecer? ¿Quen che tivo tantos anos agochado na súa conciencia? ¿Onde estabas?
- CALISTO.- *(Bicándoa ás veces con paixón irrefreable, ás veces con delicadeza sublime)*. ¡Meu ben, meu alivio, meu labirinto, miña desesperación! *(Sobre o fondo proxéctase o zigzag das sombras de dous matóns tomando posicións cas pistolas nas mans)*.
- MELIBEA.- *(Alarmada)*. ¿Que foi iso?
- CALISTO.- *(Incorporándose)*. ¡Vou ver, agarda e non te movas de aquí!
- MELIBEA.- *(Deténdoo)* ¡Espera, non vaías, teño medo!
- CALISTO.- Non temas, non será nada. *(Bícaa)*. Non te movas de aquí por nada do mundo e pase o que pase quédate agochada, ¿comprendiches? *(Sae fóra de escena)*.
- MELIBEA.- *(A sombra de Calisto recórtase un instante no fondo do escenario, de súpeto soan dous disparos e a sombra debuxa un estremecemento imperceptible)*. ¡Non, non! *(Calisto cae, Melibea corre ó seu encontro)*. ¡Meu Deus, meu Deus! *(Abrázase ó corpo sen vida de Calisto)*. ¡¿Que foi, desgraciada de min?! ¡A miña vida, leváronme a miña vida! ¡Meu amor, responde, meu amor! Non te preocupes que pronto nos volveremos atopar. Axiña visitarei a quen me visitou nesta noite estrana. Arrebatáronme a liberdade, e son presa das sombras. ¡O meu amor está morto! ¿Quen o revivirá? ¡Calisto, o meu fermoso amor, o meu ben, o meu destino! *(Lévase a pistola á boca e pouco a pouco faise o escuro. O son dun disparo escintillea na sombra sorprendendo a pesares do previsto. Volve a luz e vemos pasar a compunxida figura de Elicia cunha maleta dos cartos na man, atópase no escenario coa segunda maleta,*

fai un aceno de resignación e cóllea. Sae de escena cargada coas dúas maletas e faise o escuro).

PANO.